

CONCURSO DEL LOGOTIPO PARA O CEIP RAMÓN DE VALENZUELA

BASES DO CONCURSO

1. OBXECTO DO CONCURSO:

O presente concurso ten como obxectivo a selección dunha idea para crear un logotipo para o CEIP Ramón de Valenzuela.

O logotipo servirá para identificar ao colexio en todas as accións que este considere oportunas, tal como publicidade, comunicacións e edicións, proxectos, páxina web ...

2. PARTICIPANTES:

- ✓ Poderá participar neste concurso calquera persoa que pertenza á comunidade educativa (alumnado, pais/nais, familiares, veciños, exalumnado...)
- ✓ Cada concursante poderá presentar un máximo de 2 deseños, tanto de forma individual como en grupo.
- ✓ A participación no concurso presupón a aceptación das presentes bases en todos os seus termos.
- ✓ As persoas participantes poderán presentar un máximo de 2 deseños tanto de forma individual como en grupo.

3. PROPOSTA: O deseño será orixinal e inédito.

4. FORMA DA PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS: Entregarase dentro dun sobre pechado de tamaño A4 identificado coas palabras “*Concurso Logotipo*”, que conterá no seu interior:

- a. Unha folla de tamaño A4 según el **modelo del Anexo I**, identificada mediante o pseudónimo co que se concursa, que inclúa:
 - i. Unha versión en tamaño grande do logotipo impresa en cor en tamaño grande.
 - ii. Unha versión reducida do logotipo. O texto da versión reducida debe ser lexible.
 - iii. Unha fotocopia en branco e negro da folla anterior, tamén en formato A4, que tamén irá identificada co pseudónimo co que se concursa.
 - iv. Os logotipos en branco e negro deben ser lexibles / distinguibles.
 - v. Unha breve interpretación do logo deseñado.
 - vi. Solicitarase ao participante **gañador** que entregue una versión dixital do logo en **formato JPG**, coa resolución suficiente para poder utilizalo en aplicacións informáticas. A falta desta presentación no prazo requerido implicará a descalificación do gañador, proclamando como tal ao seguinte mellor valorado, según a acta do xurado.

b. Un segundo sobre cerrado, de tamaño máis reducido que o anterior, que conteña os datos do autor ou autores:

- ✓ Nome e apelido
- ✓ DNI
- ✓ Teléfono
- ✓ Dirección de correo electrónico
- ✓ Pseudónimo

5. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN: O prazo para presentar os deseños será do o **25 de abril ao 6 de maio**. Durante este período os concursantes deberán presentar os seus traballos na Secretaría do centro.

6. XURADO: O xurado encargado de valorar as propostas estará formado por:

- ✓ Dous membros do equipo da Dirección do centro.
- ✓ Un representante do concello.
- ✓ Un profesional de deseño gráfico.

7. MEMBROS DO XURADO: Ningún dos membros do xurado poderá presentarse como candidato ao premio.

8. ACORDO DO XURADO: De entre todos os deseños presentados o xurado elixirá un que será el gañador do premio. Se non se chegara a un acordo entre os membros do xurado o concurso declarase deserto. O resultado do xurado farase público a través da páxina web, por correo electrónico e no tablón de anuncios do colexio antes do 13 de maio de 2016.

9. PREMIO: Concederase ao gañador do concurso un diploma e unha Tablet.

10. DEREITOS DA PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL:

A autora ou autor do deseño seleccionado, polo feito de participar no concurso, cede en exclusiva ao CEIP Ramón de Valenzuela os dereitos de explotación da obra sen ningún tipo de limitación e abarca todas as modalidades de explotación. O autor/a, asimismo, presta a súa autorización para que o centro poida modificar, desenvolver ou adaptar dito deseño utilizando calquera medio que considere oportuno.

11. ACEPTACIÓN DAS BASES: A participación neste concurso de ideas implica, por parte dos/as concursantes, o coñecemento e aceptación das presentes bases.

Bandeira, 14 de abril de 2016
EDLG

Anexo I (aquí escribirase o pseudónimo): _____



Versión reducida en rectángulo de 6,5 x 3,0 cm
(máximo)

Versión tamaño grande en rectángulo de 25 x 11,5
cm (máximo). A posición debe ser horizontal.



